

Plan SexSan

Plan galego de infeccións de transmisión sexual
2026-2030



XUNTA
DE GALICIA

Edita

CONSELLERÍA DE SANIDADE
DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA
Santiago de Compostela, 2025

Coordinadoras

- **Durán Parrondo, Carmen.** Directora xeral de Saúde Pública.
- **Piñeiro Sotelo, Marta.** Directora do Centro Galego de Control e Prevención de Enfermidades (Cegace). Dirección Xeral de Saúde Pública.

Autoría

- **Dirección Xeral de Saúde Pública**, en colaboración coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade (Consellería de Política Social e Igualdade) e a Dirección Xeral de Xuventude (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude).

Grupo de traballo

- **Cruz Ferro, Elena.**
- **Lema Mougán, Rogelio.**
- **Touceda Taboada, Sonia.**
- **Mirás Carballal, Susana.**
- **Suárez Luque, Silvia.**
- **Pérez Martínez, Olaia.**
- **Estévez Davila, Cristina.**
- **Prego Domínguez, Jesús.**

Revisado por

- **Álvarez Gil, Rosa María.** Técnica do Servizo de Prevención e Control de Enfermidades (Cegace). Dirección Xeral de Saúde Pública.
- **Antela López, Antonio.** Presidente de Sogaisida e FEA, coordinador da Unidade de VIH/ Enfermidades Infecciosas da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.
- **Barbagelata López, Cristina.** Presidenta da Sogami e FEA do Servizo de Medicina Interna. Área Sanitaria da Coruña e Cee.

- **Del Campo Pérez, Víctor Miguel.** Xefe do Servizo de Medicina Preventiva e Saúde Pública. Área Sanitaria de Vigo.
- **Ginarte Val, Manuel.** FEA do Servizo de Dermatoloxía. Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.
- **Paz Vidal, María Isabel.** Presidenta da Sogamic e xefa do Servizo de Microbioloxía e Parasitoloxía. Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.
- **Pereira Rodríguez, María José.** Presidenta da Sogamp e xefa do Servizo de Medicina Preventiva e Saúde Pública. Área Sanitaria da Coruña e Cee.
- **Pérez Castro, Sonia María.** FEA do Servizo de Microbioloxía e Parasitoloxía. Área Sanitaria de Vigo.
- **Pernas Pardavila, Hadrián.** FEA do Servizo de Medicina Interna. Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- **Poveda López, Eva.** Directora científica do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur.
- **Treviño Castellano, María Mercedes.** FEA do Servizo de Microbioloxía e Parasitoloxía. Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.
- Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.
- Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.
- Comité Antisida da Coruña – Casco.
- Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero (Observatorio LGBTIQ+).
- Rede de centros Quérote+.
- Comisión Galega de Coordinación e Seguimento da Actividade fronte á Infección polo VIH/sida e Outras Infeccións de Transmisión Sexual (ITS).

Co aval científico de

- Sección Galega da Academia Española de Dermatoloxía e Venereoloxía (Sección Galega da AEDV).
- Sociedade Galega de Medicina Interna (Sogami).
- Sociedade Galega de Medicina Preventiva (Sogamp).
- Sociedade Galega de Microbioloxía (Sogamic).
- Sociedade Galega Interdisciplinaria da Sida (Sogaisida).

Plan SexSan

Plan galego de infeccións de transmisión sexual
2026-2030

CONSELLERÍA DE SANIDADE
DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA

Índice

Siglas e glosario de termos	7
1. Introducción	10
2. Xustificación	14
3. Grupos de poboación clave	16
4. Situación das ITS a nivel mundial, en España e en Galicia	18
4.1. Situación das ITS a nivel mundial	18
4.2. Situación das ITS en España	21
4.3. Situación das ITS en Galicia	23
5. Misión, visión e valores	36
6. Obxectivos	38
7. Eixes e liñas estratéxicas de acción	40
EIXE 1. Vixilancia epidemiolóxica	41
EIXE 2. Prevención primaria e promoción da saúde sexual	46
EIXE 3. Prevención secundaria: detección das ITS	53
EIXE 4. Diagnóstico e tratamento das ITS	56
EIXE 5. Calidade de vida e inclusión social das persoas que viven co VIH	59
EIXE 6. Formación e investigación	63
EIXE 7. Comunicación interna e externa	67
EIXE 8. Innovación	70
EIXE 9. Organización do plan	73
8. Orzamento	76
9. Indicadores	78
10. Referencias	104
11. Anexos	110
Anexo 1. Principais características das ITS	110
Anexo 2. Diagnóstico da infección polo VIH: criterio clínico (sida)	116

Siglas e glosario de termos

Sigla	Descrición
AAD	Antivirais de acción directa
ACIS	Axencia de Coñecemento en Saúde
ANPA	Asociacións de Nais e Pais de Alumnado
AP	Atención Primaria
CCAA	Comunidades autónomas
CD4	Linfocito T coa molécula CD4 na súa superficie
CDC	<i>Center for Disease Prevention and Control</i>
CIAP	Clasificación Internacional de Atención Primaria segunda edición
CMBD	Conxunto mínimo básico de datos
CVIHITS	Comisión Galega de Coordinación e Seguimento da Actividade fronte á Infección polo VIH/sida e Outras Infeccións de Transmisión Sexual
DFA	Tinguidura directa con anticorpos fluorescentes
DT	Diagnóstico tardío
DXSP	Dirección Xeral de Saúde Pública
ECDC	<i>European Centre for Disease Prevention and Control</i>
ECS	Estudo de contactos sexuais
EDO	Enfermidades de declaración obrigatoria
EIA	Enzimoinmunoanálise
ENSS	Enquisa nacional de saúde sexual
HBSC	<i>Health Behavior in School-Aged-Children</i>
HSH	Homes que teñen sexo con outros homes
Ianus	Historia clínica electrónica de Galicia
IIPP	Institucións penitenciarias
ILO	<i>International Labour Organization</i>
INE	Instituto Nacional de Estatística
Injuve	Instituto da Xuventude de España
ISC III	Instituto de Saúde Carlos III

ITS	Infeccións de Transmisión Sexual
LGTBIQ+	Lesbianas, gays, bisexuais, transexuais, intersexuais, <i>queer</i> e outras identidades e orientacións sexuais
LGV	Linfogranuloma venéreo
MPXV	Virus da varíola do mono
OMS	Organización Mundial da Saúde
ONG	Organización non Governamental
ONUSIDA	Programa conxunto das Nacións Unidas sobre o VIH/sida
PEP	Persoas que exercen a prostitución
PID	Persoas que se inxectan drogas
PPE	Profilaxe postexposición
PrEP	Profilaxe preexposición
PVVIH	Persoas que viven co VIH
Renave	Rede Nacional de Vixilancia Epidemiolóxica
RGVSP	Rede Galega de Vixilancia en Saúde Pública
SIAC-AP	Sistema de Información de Análise Complexa de Atención Primaria
SICRI	Sistema de Información de Condutas de Risco de Galicia
Sida	Síndrome da inmunodeficiencia adquirida
SIDIVIHG	Sistema de Información dos Diagnósticos polo Virus da Inmunodeficiencia Humana de Galicia
SXNOE	Sistema Xeral de Notificación Obrigatoria de Enfermidades de Galicia
TAR	Tratamento antirretroviral
Td	Vacina fronte ao tétano e a difteria
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
TV	Transmisión vertical
UAD	Unidades de Atención ás Drogodependencias
UE/EEE	Unión Europea/Espazo Económico Europeo
UNODC	Oficina sobre drogas e o crime de Nacións Unidas
VHA	Virus da hepatite A
VHB	Virus da hepatite B
VHC	Virus da hepatite C
VHS	Virus do herpes simple
VIH	Virus da inmunodeficiencia humana
VPH	Virus do papiloma humano



1. Introducción

Historicamente, as políticas de saúde pública no ámbito das infeccións de transmisión sexual (ITS) estiveron fortemente centradas no virus da inmunodeficiencia humana (VIH). Este enfoque foi comprensible durante décadas nas que a infección polo VIH representaba unha das principais preocupacións sanitarias, sociais e políticas. A gravidade do impacto deste virus, xunto co estigma e a necesidade urxente de resposta institucional, fixeron que a maioría dos plans estatais e os autonómicos se articularasen case exclusivamente arredor do VIH, mencionando o resto das ITS de forma secundaria.

Porén, no contexto actual, esta aproximación xa non responde axeitadamente á realidade epidemiolóxica nin ás necesidades de saúde da poboación.

Nos últimos anos asistimos a un incremento sostido doutras ITS como a sífilis, a gonorreia, e a clamidíase, entre outras, que requiren unha atención específica, estratexias diferenciadas e recursos adecuados para a súa prevención, diagnóstico precoz e tratamento oportuno¹.

As ITS constitúen un importante problema de saúde pública a nivel mundial e a súa abordaxe debe ser unha prioridade sanitaria e social. Son unha das principais causas de enfermidade aguda, infertilidade, discapacidade a longo prazo e morte, con graves repercusións clínicas e psicolóxicas e con importantes custos económicos e sociais.

Existen máis de 30 tipos de ITS, como a clamidíase, gonorreia, sífilis, VIH, mpox, herpes xenital, linfogranuloma venéreo ou o virus do papiloma humano (VPH)². Así mesmo, cómpre ter en conta infeccións como as hepatites víricas A, B e C, que, se ben non son estritamente ITS, poden transmitirse por vía sexual en determinados contextos, especialmente a hepatite B. No anexo 1 descríbense as principais características das infeccións máis prevalentes.

A prevención xeral para todas elas é a promoción de prácticas sexuais máis seguras, fomentando o uso do condón, ademais como medida complementaria na actualidade contamos con vacinas para o VPH, mpox, hepatite A e B e tamén achados recentes

en diferentes estudos informan sobre a protección cruzada da vacina que protexe do meningococo B fronte á gonorreia, debido á semellanza xenética entre ambas as bacterias do xénero *Neisseria*³. De xeito pioneiro a nivel mundial, en Galicia estase a empregar unha vacina fronte ao meningococo B para ofrecer protección fronte á gonorreia en grupos de especial vulnerabilidade.

A pesar do exposto anteriormente, o VIH continúa a ter un peso específico dentro das ITS. Afecta con maior intensidade as poboacións vulnerables e, aínda que tradicionalmente o seu impacto foi máis acusado nos países de ingresos baixos e medios, nos últimos anos observouse un aumento nos casos nos países de ingresos altos asociado a prácticas de risco. Na actualidade, o VIH é unha infección crónica tratable grazas aos avances terapéuticos; con todo, segue a supoñer retos sanitarios e sociais relevantes, especialmente polo estigma e a discriminación que persisten arredor desta infección.

ONUSIDA (Programa conxunto das Nacións Unidas sobre o VIH/sida) lidera a resposta global fronte á epidemia da sida, promovendo metas estratéxicas no marco dos obxectivos de desenvolvemento sostible co horizonte posto no ano 2030. En 2016 lanzouse a estratexia coñecida como 90-90-90, que establecía como obxectivo que, para o ano 2020, o 90 % das persoas que viven co VIH (PVVIH) coñeceran o seu estado serolóxico, que o 90 % das persoas diagnosticadas estivesen en tratamento antirretroviral continuado, e que o 90 % destas alcanzasen a supresión viral. Posteriormente, no ano 2021, aprobouse a nova estratexia global *End Inequalities: End AIDS*, que eleva estes obxectivos ao 95-95-95 de cara a 2025, incorporando ademais un cuarto 95 %, centrado en que as PVVIH teñan unha boa calidade de vida. Con estas metas, ONUSIDA pretende reducir as desigualdades estruturais, eliminar a discriminación relacionada co VIH e poñer fin á epidemia do sida como ameaza para a saúde pública global no horizonte do ano 2030⁴⁻⁷.

Por outra parte, a nova estratexia mundial do sector da saúde contra o VIH, as hepatitis virais e as ITS para o período 2022-2030, aprobada pola Organización Mundial da Saúde (OMS), incorpora a eliminación das ITS como problema de saúde pública para o ano 2030, integrando todas estas infeccións para optimizar o seu impacto⁸.

Por este motivo, en decembro de 2021, publícase en España o “Plan de prevención y control de la infección por el VIH y las ITS 2021-2030” co propósito de dotar dun marco estratéxico para a coordinación con carácter intersectorial e interterritorial a resposta fronte á epidemia do VIH e outras ITS⁹.

Dentro deste marco quedaría englobado o novo “Plan SexSan. Plan galego de infeccións de transmisión sexual e VIH 2026-2030” (en adiante, o plan). Este novo plan representa un cambio de paradigma: pasamos de falar de “VIH e outras ITS” a falar, de forma equitativa, de todas as infeccións de transmisión sexual. Preséntase dende unha perspectiva integral, baseada na evidencia científica, nos dereitos sexuais, na redución do estigma e na equidade no acceso á atención. A través de eixes estratéxicos, liñas de actuación e medidas concretas, este plan procura mellorar a resposta fronte ás ITS e avanzar cara a unha mellor saúde sexual para o conxunto da poboación.



2. Xustificación

Á vista da avaliación do anterior *Plan galego anti VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS) 2015-2018 con prórroga 2019-2024* elabórase un novo plan que se xustifica polas seguintes consideracións:

- En Galicia, aínda que con taxas inferiores ás españolas, as ITS amosan unha tendencia crecente e continúan a ser un problema de saúde pública que require dunha acción coordinada destinada á súa prevención e control.
- O plan previo sentou unha base valiosa pero grazas á evolución do contexto, dos determinantes e das tecnoloxías dispoñibles, existe agora a oportunidade de avanzar cara a un novo plan máis actualizado e adaptado aos desafíos actuais.
- A situación actual está marcada por novos patróns de comportamento sexual, unha maior mobilidade da poboación, o uso estendido de aplicacións de contactos, así como un aumento da vulnerabilidade en determinados colectivos (mozos e mozas, homes que teñen sexo con outros homes (HSH), persoas migrantes, persoas en contextos de prostitución, persoas en situación de exclusión social). Estes cambios condicionan a transmisión das ITS e requiren novas estratexias de prevención, diagnóstico e seguimento.
- Por outra banda, na última década xurdiron avances clave que deben ser integrados na planificación sanitaria como os tratamentos preventivos ou os test rápidos de diagnóstico.
- Tamén se detecta a necesidade de fortalecer a coordinación entre saúde pública, asistencia sanitaria, educación, igualdade e política social para ofrecer una resposta mais integrada e eficaz fronte as ITS.
- No caso do VIH é preciso ter en conta a estratexia de ONUSIDA 95-95-95 para 2030 e o problema da fragilidade e comorbilidades asociadas á cronicidade e a idade das persoas afectadas. Asemade mellorar a calidade de vida das PVVIH.



3. Grupos de poboación clave

As accións deste plan diríxense por, unha banda, aos grupos de poboación clave ou máis vulnerables fronte ás ITS e, por outra banda, á poboación xeral.

Segundo a ONUSIDA, considéranse persoas especialmente vulnerables ao VIH os HSH, as persoas en situación de prostitución (PEP), as persoas trans, as persoas que se inxectan drogas (PID) e as persoas que se atopan en centros penitenciarios¹⁰.

Ademais, promoverase a accesibilidade aos servizos de saúde e incorporaranse mecanismos para identificar novas poboacións ou situacións de vulnerabilidade durante a implantación do plan co fin de poder deseñar e establecer accións dirixidas a elas ao longo da duración do plan.



4. Situación das ITS a nivel mundial, en España e en Galicia

4.1. Situación das ITS a nivel mundial

As ITS seguen sendo un problema de saúde pública global, con implicacións significativas tanto para a saúde individual como colectiva. Son infeccións comúns en todo o mundo e afectan millóns de persoas cada ano, pero a súa prevalencia varía significativamente segundo o contexto xeográfico:

- Países de ingresos baixos e medios: adoitan ter taxas máis altas de ITS debido a unha combinación de factores como a falta de acceso a servizos de saúde, a pobreza, a falta de educación sexual e a prevalencia doutras infeccións como o VIH.
- Países de ingresos altos: aínda que as taxas de ITS son xeralmente máis baixas nestes países, séguense reportando infeccións, especialmente en poboacións novas e en persoas con múltiples parellas sexuais.

Segundo a OMS, cada día se contraen máis de 1 millón de ITS curables en todo o mundo en persoas de 15 a 49 anos, a maioría das cales son asintomáticas. As máis prevalentes inclúen o VPH, a clamidíase xenital, a gonorrea, o herpes xenital e o VIH.

Estímase que a finais de 2024 había uns 40,8 millóns de PVVIH, das que o 65 % se atopaban na Rexión Africana da OMS. Tamén se estima que, no 2024, 630.000 persoas morreron por causas relacionadas co VIH e que 1,3 millóns de persoas contraeron o VIH.

En 2024, de todas as PVVIH, o 87 % coñecían o seu estado seropositivo, o 77 % recibían terapia antirretroviral e o 73 % tiñan cargas virais suprimidas.

Non existe cura para a infección polo VIH. Non obstante, co acceso a unha prevención, diagnóstico, tratamento e atención eficaces, esta infección converteuse nunha doenza crónica manexable, o que permite ás PVVIH levar vidas longas e saudables.

A situación doutras ITS non é máis esperanzadora, e a carga global conxunta, é dicir, a suma de VIH, hepatites virais e outras ITS causa aproximadamente 2,5 millóns de mortes anuais.

En moitos países detectouse un aumento na incidencia dalgunhas ITS, como a clamidíase xenital, a gonorrea e a sífilis. Isto débese en parte á maior detección destas infeccións e ao comportamento de risco das persoas.

No ano 2020, a OMS estimou que houbo 374 millóns de novas infeccións dalgunha destas catro ITS: clamidíase xenital (129 millóns), gonorrea (82 millóns), sífilis (7,1 millóns) e tricomoníase (156 millóns). Tamén estimou que máis de 490 millóns de persoas vivían con herpes xenital no 2016, e estímase que 300 millóns de mulleres teñen unha infección polo VPH, a principal causa do cancro de colo uterino e de cancro anal entre os HSH.

Estimacións máis recentes da OMS sobre a sífilis reflicten que 8 millóns de adultos de entre 15 e 49 anos contraeron sífilis en 2022 e a maioría das infeccións son asintomáticas ou non se recoñecen. E arredor de 1,1 millóns de mulleres embarazadas estaban infectadas coa sífilis no 2022, o que provocou máis de 390.000 resultados adversos no parto.

Tamén se calcula que 520 millóns de persoas de entre 15 e 49 anos (13%) en todo o mundo teñen unha infección polo virus do herpes simple tipo 2 (VHS-2), a principal causa do herpes xenital.

A infección polo VPH está asociada a máis de 311.000 mortes por cancro de colo de útero cada ano.^{11,12}

Cada vez existen mellores ferramentas para previr, diagnosticar e tratar as hepatites víricas, incluíndo as vacinas e tratamentos eficaces para a hepatite B e un tratamento curativo para a hepatite C. Non obstante, os datos máis recentes mostran que a hepatite vírica é un importante desafío de saúde pública nesta década, e o mundo aínda está lonxe de lograr a súa eliminación para o 2030. Xuntas, a hepatite B e a C causan 3.500 mortes ao día, e a mortalidade está a aumentar. Estímase que 254 millóns de

persoas viven coa hepatite B e 50 millóns de persoas viven coa hepatite C en todo o mundo, e que 6.000 persoas se infectan cada día. Moitas persoas permanecen sen diagnosticar en moitos países, e mesmo cando se diagnostica a hepatite, o número de persoas que reciben tratamento segue sendo incrivelmente baixo.

Se nos centramos nos países da nosa contorna, o Centro Europeo para a Prevención e o Control de Enfermidades (ECDC) no seu último informe epidemiolóxico anual sobre as ITS, revela aumentos continuos en toda a Unión Europea/Espazo Económico Europeo (UE/EEE) no ano 2023. Os resultados salientan a necesidade urxente de aumentar os esforzos de concienciación pública, prevención, probas e tratamento para abordar este crecente problema de saúde pública.

En 2023 notificáronse case 100.000 casos confirmados de gonorrea nos países da UE/EEE, o que representa un aumento do 31% en comparación co 2022 e un aumento asombroso de máis do 300 % en comparación co 2014. Este aumento observouse en diferentes grupos de idade e datos demográficos, incluídos os HSH e os homes e mulleres heterosexuais. As taxas máis altas entre as mulleres déronse no grupo de idade de 20-24 anos, e este é tamén o grupo co maior aumento en 2023 (46 %). No caso dos homes, as taxas máis altas observáronse no grupo de idade de 25-34 anos.

Os casos de sífilis tamén seguen a aumentar. En 2023, notificáronse 41.051 casos confirmados en 29 países da UE/EEE, o que representa un aumento do 13 % en comparación co 2022 e unha duplicación en comparación co 2014. A sífilis é máis común entre os homes, con sete homes diagnosticados por cada muller. As taxas máis altas observáronse entre homes de 25-34 anos. A maioría dos casos de sífilis (72 %) notificáronse entre HSH. Aínda así, en comparación co 2022, as taxas de sífilis aumentaron entre as mulleres de todos os grupos de idade.

A pesar da desaceleración no aumento das notificacións de clamidíase xenital en 2023, segue sendo a ITS bacteriana notificada con máis frecuencia en Europa. En 2023, notificáronse máis de 230.000 casos nos países da UE/EEE, o que representa un aumento do 13 % dende 2014. A infección segue a afectar de forma desproporcionada a mocidade, e as taxas máis altas atópanse entre as mulleres de 20 a 24 anos.

O linfogranuloma venéreo (LGV), causado polos serotipos L1, L2 e L3 da *Chlamydia trachomatis*, foi notificado por 13 países cun total de 3.075 casos, o que supón un incremento do 41% respecto ao ano 2022, a gran maioría en HSH onde se aprecia relación co VIH nun 38 %, máis no grupo seronegativo aumentou un 7 % dende o 2019 ata o 2023.

Ademais do aumento no número de casos de ITS notificados, unha preocupación particular é a crecente ameaza da resistencia antimicrobiana na gonorreia. A aparición de cepas resistentes aos fármacos ameaza a eficacia dos tratamentos actuais, polo que é crucial facer fincapé na prevención e promover o uso responsable dos antibióticos.

Existen varias hipóteses non excluíntes sobre o aumento dos casos de ITS. O aumento das probas de ITS nalgúñas poboacións probablemente explica en parte o aumento. Outras posibles explicacións que requiren máis estudo inclúen cambios nos comportamentos sexuais de risco, como a diminución do uso de preservativos e un maior número de parellas sexuais.

4.2. Situación das ITS en España

Segundo consta no último informe publicado polo Ministerio de Sanidade sobre a situación do VIH e da sida en España, no ano 2023 notificáronse 3.196 novos diagnósticos de VIH, o que representa unha taxa de 6,65 por cada 100.000 habitantes, sen axustar os atrasos na notificación. Despois de axustar este atraso, estímase que a taxa para 2023 é de 7,38 por cada 100.000 habitantes cando se completa a notificación de todos os diagnósticos realizados ese ano.

O 86,1% eran homes e a mediana de idade era de 36 anos (rango intercuartílico: 29-46). A transmisión entre HSH foi a máis común, cun 55,0 %, seguida da transmisión heterosexual cun 25,7 % e a transmisión entre PID cun 1,7 %. O 49,8 % dos novos diagnósticos de VIH foron entre persoas de orixe estranxeira. O 48,7 % dos novos diagnósticos diagnosticáronse tarde¹³.

A información epidemiolóxica baseada na poboación sobre as ITS en España provén da Rede Nacional de Vixilancia Epidemiolóxica (Renave). O Real decreto de creación da Renave estableceu a infección gonocócica, a sífilis e a sífilis conxénita como enfermidades de declaración obrigatoria, suxeitas a vixilancia epidemiolóxica a nivel estatal. A información sobre a infección por *Chlamydia trachomatis* obtívose a través do Sistema de Información Microbiolóxica (SIM), aínda que esta infección non se incluíu como unha enfermidade de vixilancia obrigatoria.

Tras a aprobación e publicación dos novos protocolos Renave en 2013 e a Orde ministerial de modificación da lista de enfermidades que vixiar en 2015, o número de ITS ampliouse de tres a cinco, coa incorporación da infección por *Chlamydia trachomatis*, LGV ás xa existentes (sífilis, sífilis conxénita e infección gonocócica).

A continuación preséntase unha táboa (táboa 1) coa situación destas ITS en España no ano 2023.

Indicadores	Gonococia	Sífilis	Clamidiase xenital	Linfogranuloma venéreo
Núm. CCAA que notifican	19	19	19	17
Núm. casos notificados	37.257	11.930	41.918	1.996
Taxa por 100.000 habitantes*	76,63	24,54	86,26	4,59
Razón home:muller	4,8	6,5	1,2	40,6
% homes	82,6	86,7	53,8	97,6
% casos en < 25 anos	22,8	12,4	35,7	6,7
Taxa 20-24 anos por 10 ⁵ habitantes*	249,85	42,03	413,60	5,05

Táboa 1. Situación epidemiolóxica da infección gonocócica, sífilis, infección por *Chlamydia trachomatis* e LGV. España, 2024



* Calculado para todas as comunidades autónomas que dispoñen dun sistema de vixilancia e que notificaron en 2024.

Fonte: adaptado de *Unidad de vigilancia de VIH, ITS y hepatitis B y C. Vigilancia epidemiológica de las infecciones de transmisión sexual, 2024. Centro Nacional de Epidemiología, Instituto de Salud Carlos III/ División de Control de VIH, ITS, Hepatitis virales y Tuberculosis, Dirección General de Salud Pública y Equidad en Salud; 2025.*

Neste informe confírmase a tendencia alcista observada na UE, cun aumento dos casos de gonorrea e da sífilis, observada a partir do inicio da década do 2000. No caso da infección por *Chlamydia trachomatis* tamén se observa unha tendencia crecente no período analizado.

En todas as ITS analizadas se observou unha maior incidencia en homes que en mulleres e a maioría dos casos producíronse en adultos novos, aínda que se observaron algunhas diferenzas dependendo da enfermidade. A porcentaxe de casos notificados en persoas menores de 25 anos foi maior nos casos de infección por *Chlamydia trachomatis* e menor nos casos de LGV.

4.3. Situación das ITS en Galicia

Ata o ano 2015 soamente a sífilis, gonococia, hepatite A, hepatite B e outras hepatitis (hepatite non A, non B, que incluía a hepatite C) eran consideradas de declaración obrigatoria. Notificábanse a través do Sistema Xeral de Notificación Obrigatoria de Enfermidades de Galicia (SXNOE), un dos compoñentes do sistema básico da Rede Galega de Vixilancia en Saúde Pública (RGVSP) que forma parte da RENAVE. Foi a partir deste ano que se modificou o sistema de notificación, tanto nas variables que hai que recoller como nas enfermidades de declaración obrigatoria e, polo tanto, obxecto de vixilancia epidemiolóxica.

Unha das novidades máis importantes é a incorporación da infección pola *Chlamydia trachomatis* (aínda que sen poder diferenciar a clamidiase xenital e o LGV).

A última información dispoñible data do ano 2024 e descríbese a continuación. A po-boación de referencia baséase nos datos anuais de Instituto Galego de Estatística (IGE). Inclúense os casos segundo os criterios de declaración da RENAVE. Recóllese a incidencia acumulada (IA) con datos consolidados dos últimos 10 anos tras o peche do ano. Ano é o ano epidemiolóxico por data clave (SIVIES) e calculado por data de inicio de síntomas (VIXÍA). Actualmente os casos exportados dende VIXIA teñen asignado o ano epidemiolóxico por data de notificación.

4.3.1. Situación do VIH

Dende que empezou a epidemia do VIH/sida, lográronse grandes avances en distintos eidos relacionados co diagnóstico, tratamento, prevención e atención das persoas afectadas.


A epidemia polo VIH/sida no noso medio caracterizouse dende 1981 a 1996 por un forte impacto, tanto en morbilidade como en mortalidade, no colectivo de PID. Estas persoas atopábanse nunha situación de elevada vulnerabilidade que condicionou que unha parte importante da epidemia recaera sobre eles. A sociedade e o sistema sanitario tampouco estaban preparados para unha resposta inmediata. O medo xerado polo desconcerto inicial ante a nova infección e a ignorancia sobre as vías de transmisión deron lugar a que se incrementase a estigmatización e a discriminación sobre estas persoas que xa tiñan problemas de exclusión social. Parte da sociedade responsabilizábaos do avance da epidemia, cando realmente eran vítimas do que estaba a acontecer.

A creación no 2004 do Sistema de Información Galego sobre a Infección polo VIH (SIGIVIH) mellorou a vixilancia epidemiolóxica do VIH na nosa comunidade e supuxo

un avance no coñecemento da evolución da epidemia, o que nos permite analizar o impacto que as políticas desenvolvidas polo plan teñen sobre a infección.

En Galicia rexistráronse 3.522 casos de persoas infectadas polo VIH entre os anos 2004 e 2024, cunha media de 168 infeccións anuais, o que representa unha incidencia anual de 6,1 casos por 100.000 habitantes (por debaixo da incidencia do conxunto das comunidades autónomas españolas que declaran casos actualmente ao Sistema de información sobre novos diagnósticos de VIH, que foi de 9,6 casos por 100.000 habitantes e ano no período 2004-2023).

Obsérvase unha incidencia estable ata 2012, ano a partir do cal se observa unha clara diminución dos casos de infección. Cun aumento de casos de infección en 2019 debidos, probablemente, á declaración dos casos automaticamente dende os laboratorios de microbioloxía dos diferentes hospitais do Servizo Galego de Saúde, o que evita a infradeclaración de casos que se producía ata ese ano (esa infradeclaración en España estímase entre un 10 % e un 20 % anual). Esta información pódese ver na figura 1.



Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública. Elaboración propia.

En Galicia, igual que sucede no resto de España e de Europa Occidental, a infección polo VIH/sida afecta maioritariamente homes, cunha idade media no momento do diagnóstico da infección que rolda os 38,5 anos, con valores moi similares en homes (38,2) e mulleres (39,6), como se pode ver na figura 2.




Figura 2. Número de diagnósticos VIH por grupo de idade e sexo. Galicia 2004-2024.

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública. Elaboración propia.

A categoría de transmisión máis frecuente na infección polo VIH nos 21 anos analizados foi a das relacións sexuais non protexidas, que supuxo o 80,5% dos casos (44,9% entre HSH e o 35,6% heterosexualmente), e presenta un incremento de peso relativo con respecto aos casos debidos ao intercambio de xiringas entre PID, que supoñen a segunda categoría de afectación do período, cun 13,1% das infeccións (figura 3).





Figura 3. Número de diagnósticos de VIH por ano e categoría de transmisión. Galicia 2004-2024.

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública. Elaboración propia.

Pero o verdadeiro problema no control da infección polo VIH de Galicia atópase na alta incidencia de diagnósticos tardíos (DT), considerando DT o caso daquela persoa con cifra de CD4 inferior a 350 células/ μ l na primeira determinación da súa infección polo virus (figura 4).



Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública. Elaboración propia.


Para todo o período, a mediana de CD4 nos novos diagnósticos foi de 360, e observouse que o 48,6 % dos infectados presentaba DT ao ser diagnosticados (48,2 % en homes e 50,4 % en mulleres). O único ano con DT menor do 40 % foi 2008 cun 39 %, e a maioría dos anos o diagnóstico tardío rolda o 50 %.

4.3.2. Situación da sífilis

En Galicia, e dende comezos da década de 1980, o comportamento da sífilis declarada mostrou unha tendencia clara á diminución ata 1996. A partir dese ano foi medrando de xeito continuo ata acadar unha incidencia anual en 2007 de 4,71 casos/ 10^5 habitantes, que se atopa preto da incidencia de 1988 (5,4 casos/ 10^5 habitantes). No ano 2008 comeza de novo unha tendencia decrecente que se mantén ata o ano 2011 (2,15 casos/ 10^5 habitantes), a partir do cal se produce un aumento ata acadar no 2023 unha taxa de 11,2 casos/ 10^5 habitantes.

Ao analizar os datos correspondentes ao período 2015–2024, obsérvase unha tendencia xeral á alta no número total de casos, especialmente notable a partir de 2022. A mediana sitúase en 124,5 casos anuais, pero destacan dous incrementos importantes en 2022 (199 casos) e, especialmente, en 2023 (260 casos), seguidos dunha lixeira estabilización en 2024.

Na figura 5 represéntase a evolución anual da incidencia acumulada da sífilis por 100.000 habitantes en Galicia segundo o sexo e comparación coa incidencia acumulada en España (2015–2024).



Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública e ISC III. Elaboración propia.

Por grupos de idade é entre os 35 e 44 anos onde se declaran máis casos cunha ratio 2,5:1 o que significa que por cada 2,5 casos en homes decláranse 1 en mulleres.

A evolución recente suxire un reinicio ou intensificación da transmisión, polo que é necesario reforzar as accións de prevención e educación en saúde sexual, o cribado dirixido aos grupos de maior risco e o diagnóstico precoz.

4.3.3. Situación da gonococia

En Galicia a infección gonocócica tivo un comportamento menos uniforme nos últimos anos. En 1985 declaráronse 3.456 casos e no ano 2000 declaráronse 295 casos, o que representou unha incidencia anual de 10,9 casos/10⁵ habitantes, cunha clara tendencia á baixa, que seguiu diminuindo o ano 2010 no que se acadou unha taxa de 2,4 (68 casos). A partir do 2010 prodúcese un incremento anual ata acadar unha taxa no 2023 de 40,3 (1.087 casos), incremento que se dá principalmente en varóns mozos.

Na figura 6 amósase a evolución anual da incidencia acumulada de gonococia por 100.000 habitantes en Galicia, segundo o sexo, e comparación coa incidencia acumulada en España (2015–2024).




Figura 6. Incidencia de gonococia por sexo. Galicia e España 2015-2024.

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública e ISC III. Elaboración propia.

Na nosa Comunidade Autónoma observamos nestes últimos anos un incremento dos casos notificados de gonococia. A investigación epidemiolóxica realizada indícanos que houbo un incremento das resistencias aos antibióticos, principalmente debidos á utilización de quinolonas (ciprofloxacino), o que implicou o fracaso do tratamento. Isto comportou unha mudanza nas recomendacións das pautas antimicrobianas e levou a un reforzo na vixilancia da susceptibilidade antibiótica e das pautas de antimicrobianos.

No ano 2024 foran declarados un total de 890 novos casos cunha distribución de 686 (77,08 %) casos en homes e 204 en mulleres (25,82 %).

Nas mulleres, a infección prodúcese algo máis cedo, cun pico máis notable nas idades temperás. Tamén se observa unha porcentaxe relativamente maior nos 55-64 anos (4,60 %) respecto aos homes (2,60 %), o que suxire posibles exposicións tardías, reactivación diagnóstica ou cribado incidental. Os casos en menores de 15 anos e en maiores de 64 anos son moi pouco frecuentes (<1% en ambos grupos), o que indica que a infección raramente afecta persoas de maior idade, probablemente por menor exposición en redes de transmisión recentes.


A enfermidade preséntase principalmente en adultos novos e de mediana idade, especialmente naqueles grupos que se atopan en etapas de maior actividade sexual ou participación en redes sociais máis dinámicas. A diferenza na idade de máximo impacto entre homes e mulleres suxire patróns de exposición lixeiramente distintos, cun inicio máis temperá nas mulleres e máis sostido nos homes ao longo da vida adulta.

Esta información é clave para orientar prevención, cribado e educación sanitaria, priorizando intervencións adaptadas por idade e sexo.

4.3.4. Situación da clamidíase xenital

En Galicia temos datos declarados dende Atención Primaria (AP) codificados. Estes datos rexístranse no Sistema de información de análise complexa de Atención Primaria (SIAC-AP) e codifícanse coa Clasificación Internacional de Atención Primaria segunda edición (CIAP-2). A clamidíase xenital masculina codifícase dentro das uretrites, prostatite/vesiculite seminal, por estar en códigos non individualizados.

A evolución dos casos de clamidíase en Galicia entre o 2015 e o 2024 mostra unha tendencia ascendente moi marcada, tanto en número absoluto de casos como en incidencia acumulada, especialmente a partir do 2019. Entre o 2015 e o 2024, os casos pasaron de 277 a 1.589, o que supón un incremento de máis do 470 % nunha década. A incidencia acumulada total duplicouse con creces, pasando de 10,14 casos/10⁵ habitantes no 2015 a 58,72 no 2024. O aumento máis pronunciado prodúcese a partir do 2021 (figura 7).



Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública e ISC III. Elaboración propia.

Neste último ano a distribución por sexos foi de 676 homes (42,54 %) fronte a 913 (57,46 %) mulleres.

Por idades, un 34,7 % dos casos foran declarados entre os 25-34 anos e en todos os grupos houbo predominio feminino.


4.3.5. Situación do linfogranuloma venéreo

En Galicia os servizos de microbioloxía non teñen protocolizada a diferenciación dos diferentes serotipos de *Chlamydia trachomatis* (serovares L1, L2, L3), polo que non dispoñemos de datos globais da nosa Comunidade na súa totalidade.

En España, no 2023, rexistráronse 1.807 casos, cunha taxa de 4,3 casos/10⁵, o 98 % eran homes e maioritariamente de entre 25 e 44 anos.

4.3.6. Situación do mpox

Os rexistros de casos de mpox en España comezaron en 2022 con 7.521 casos. O 98 % dos casos de mpox producíronse en homes cunha mediana de idade de 37 anos (86 % entre 20 e 49 anos). En Galicia foron declarados un total de 122 (1,6 % dos declarados en toda España) con apenas 1 caso declarado nunha muller no ano 2022, mentres que no ano 2024 foron declarados 6 casos, todos eles en homes (figura 8). Novamente o grupo de idade de entre 25 a 34 anos reúne a maior parte dos casos.



Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública e ISC III. Elaboración propia.

4.3.7. Situación do virus do papiloma humano

Estímase que máis de 300 millóns de mulleres están infectadas polo VPH, principal axente causante do cancro de colo uterino.

Na actualidade, ao ser unha ITS sen obrigatoriedade de declaración, non existen datos consolidados desta infección en Galicia.

4.3.8. Situación do herpes virus

Estímase, tamén, que máis de 500 millóns de persoas presentan infección xenital polo virus do herpes simple (VHS).

Ao ser tamén unha ITS sen obrigatoriedade de declaración tampouco existen datos consolidados desta infección en Galicia.

4.3.9. Situación da hepatitis A

A evolución da incidencia da hepatitis A en Galicia presentaba unha tendencia continua ao descenso, con algúns gromos nos anos 1994, 1997 e 1999, que estaban concentrados en lugares específicos da nosa xeografía, o que é típico das infeccións de orixe alimentaria. Non obstante, a finais de 2008, observouse un aumento do número de casos, que tivo continuidade nas 12 primeiras semanas de 2009 e que non estaba concentrado xeograficamente, afectando fundamentalmente homes novos, cunha incidencia máis alta nas persoas de 15 a 29 anos de idade. Os resultados da investigación que se realizou indican que neste aumento de casos houbo diversos modos de transmisión implicados, entre eles, a vía sexual. En 2016 e 2017 producíronse brotes, asociados principalmente con persoas HSH e prácticas sexuais con probabilidade de transmisión (figura 9).




Figura 9. Incidencia de hepatitis A por sexo. Galicia e España 2015-2024.


Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública e ISC III. Elaboración propia.

Neste último ano foron declarados 23 casos en toda Galicia, 14 en homes (60,87 %) e 9 en mulleres (39,13 %), sendo máis incidente entre os 35-44 anos cun 47,8 % de todos os casos declarados con apenas diferenzas entre homes e mulleres.

4.3.10. Situación da hepatitis B

Analizando a evolución temporal da hepatitis B vese que, igual que sucede no ámbito estatal, se produce unha diminución anual continuada no número de casos e na incidencia, coa excepción do ano 2008.

A análise dos casos notificados ao longo do período 2015-2024 mostra que o número de infeccións presenta variacións anuais, con valores que oscilan entre 5 e 23 casos anuais, situándose a mediana en 15,5 casos/ano. Obsérvase unha predominancia de casos en homes, que representan de forma consistente arredor do 76 % das infeccións, fronte ao 24 % en mulleres. Esta diferenza reflíctese tamén na razón de masculinidade, que acada valores elevados en varios anos, chegando a ser de 7 homes por cada muller en 2015, 2022 e 2023 (figura 10).



Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública e ISC III. Elaboración propia.

A incidencia en Galicia é lixeiramente inferior á incidencia estatal e o número de casos diminuíu un 89 % dende 1998 ata o 2013. No ano 2008 hai un incremento evidente onde case se duplican os casos declarados (61 casos) en relación co ano 2006 (35 casos). A investigación que se desenvolveu orienta a que unha boa parte do aumento de casos está relacionado coa transmisión heterosexual con antecedentes de contacto coa prostitución. No ano 2024 en Galicia foran declarados 18 novos casos, todos en persoas con idade superior a 35 anos, con poucas diferencias entre homes e mulleres.

4.3.11. Situación da hepatitis C

No que a hepatitis C respecta, nos últimos anos desenvolvéronse diferentes iniciativas que abundan na detección e tratamento dos e das pacientes afectos/as desta infección, así como na súa prevención.

Cabe destacar que a nosa comunidade implantou de maneira efectiva o Plan estratéxico para a abordaxe da hepatitis C no Sistema Nacional de Saúde, do 21 de maio de 2015¹⁴ o que permitiu establecer a adecuada estratexia terapéutica na utilización de antivirais de acción directa para o tratamento da hepatitis.

Outra das liñas nas que se avanzou foi a relacionada co diagnóstico. Galicia foi das primeiras comunidades autónomas de España que implementou de maneira universal o diagnóstico nun só paso, acompañado de alertas de derivación, nos sete complexos hospitalarios. Isto permitiu, no ano 2018, a identificación e caracterización retrospectiva de pacientes con infección activa polo virus da hepatitis C (VHC)¹⁵, e identificáronse 258 pacientes con infección activa descoñecida.

Así, en 2022 elaborouse a Estratexia para a eliminación da hepatitis C como problema de saúde pública en Galicia co fin de impulsar e coordinar as accións necesarias para eliminar a hepatitis C como problema de saúde pública en Galicia a través da prevención da enfermidade, a súa detección, a vixilancia epidemiolóxica, o tratamento e a formación e investigación¹⁶. E o primeiro dato obtido nese estudo en 2023 sobre a incidencia da infección polo VHC en Galicia foi de 7,1 casos/10⁵ habitantes. O número de casos confirmados e que cumprían criterios de vixilancia epidemiolóxica de hepatitis C no 2024 foi de 415, 297 homes (71,5 %) e 118 mulleres (28,5 %).

Por idades, o paciente máis novo tiña 13 anos e o de máis idade 97. O grupo máis numeroso foi o comprendido entre os 55-64 anos, seguido do de 45-54 anos e do dos maiores de 64 anos. En todos os grupos de idade hai predominio dos casos detectados en homes.



5. Misión, visión e valores

Misión

Promover a saúde sexual da poboación residente en Galicia mediante accións integrais de prevención, detección, atención, acompañamento e apoio.

O plan baséase nunha abordaxe que ten en conta os determinantes sociais da saúde, garantindo contornas seguras, accesibles e inclusivas para toda a poboación.

Preténdese mellorar a calidade e a esperanza de vida das PVVIH, previr complicacións e comorbilidades asociadas ao diagnóstico, tratamento, manexo e continuidade asistencial destas patoloxías, así como reducir a estigmatización e eliminar todo tipo de discriminación vinculada a estas infeccións.

Visión

Promover unha sociedade libre de estigma e discriminación, onde todas as persoas, independentemente da súa situación socioeconómica, migratoria, identidade sexual, orientación sexual ou condición de saúde, poidan acceder a servizos de prevención e atención de calidade, nun marco de igualdade, respecto e dereitos humanos. Aspiramos a unha resposta sanitaria sostida na innovación, no coñecemento científico e na participación activa da comunidade, que permita reducir a incidencia das ITS.

Valores

- **Equidade e inclusión:** garantir un trato adaptado ás distintas situacións sociais e vitais das persoas, elaborando estratexias e programas que teñan en conta a diversidade social, cultural e sexual.
- **Dereitos humanos:** situar a dignidade da persoa no centro de todas as accións, seguindo o Pacto social pola non discriminación e a igualdade de trato asociada ao VIH.
- **Base científica e innovación:** apoiar todas as intervencións na evidencia dispoñible, colaborando con sociedades científicas, redes e organismos de investigación.
- **Participación comunitaria:** favorecer o empoderamento e a implicación da comunidade na definición e execución das políticas de saúde.
- **Enfoque integral:** considerar o impacto dos determinantes sociais da saúde en todas as fases da prevención, diagnóstico, tratamento e apoio ás persoas con ITS.



6. Obxectivos

6.1. Obxectivo xeral

O obxectivo xeral do *Plan SexSan. Plan Galego de infeccións de transmisión sexual e VIH 2026-2030* é promover, impulsar e coordinar as actuacións necesarias para a eliminación das ITS como problema de saúde pública en Galicia para o ano 2030. Para iso establécese unha abordaxe integral baseada na prevención, no diagnóstico precoz e no tratamento destas infeccións, na atención á súa cronicidade e na mellora da calidade de vida das persoas afectadas.

6.2. Obxectivos específicos

1. Mellorar o sistema de vixilancia epidemiolóxica das ITS para monitorizar a súa evolución, identificar grupos de poboación clave e avaliar e adaptar as medidas de prevención e control.
2. Diminuír a incidencia das ITS e protexer a saúde sexual da poboación, proporcionando información veraz, facilitando o acceso a métodos de protección eficaz e fomentando habilidades persoais para a toma de decisións seguras.
3. Diagnosticar de forma precoz as principais ITS para evitar complicacións e cortar a cadea epidemiolóxica de transmisión.
4. Facilitar o acceso ao sistema sanitario das persoas cunha ITS, e asegurar o seu tratamento.
5. Mellorar a calidade de vida das persoas que viven co VIH, promovendo o respecto, a protección dos dereitos, e evitando o estigma e a discriminación.
6. Fortalecer as capacidades técnicas dos profesionais da saúde e actores comunitarios, baseadas na evidencia científica.
7. Establecer un plan de comunicación, dentro da organización e con outras entidades involucradas, para coordinar as diferentes accións levadas a cabo pola organización.
8. Promover a innovación tecnolóxica, organizativa e social na prevención, diagnóstico, tratamento e vixilancia das ITS.
9. Coordinar as intervencións fronte ás ITS levadas a cabo en todos os eidos e por todo o persoal e as entidades involucradas.



7. Eixes e liñas estratéxicas de acción

Na táboa 2 detállanse os eixes e as liñas de actuación.

EIXE 1. Vixilancia epidemiolóxica

- Liña estratéxica 1.1. Notificación de casos
- Liña estratéxica 1.2. Vixilancia molecular microbiolóxica
- Liña estratéxica 1.3. Vixilancia dos factores de risco
- Liña estratéxica 1.4. Outros sistemas de vixilancia

EIXE 2. Prevención primaria e promoción da saúde sexual

- Liña estratéxica 2.1. Promoción xeral da saúde sexual
- Liña estratéxica 2.2. Prevención das ITS mediante a vacinación
- Liña estratéxica 2.3. Protección fronte á transmisión das ITS
- Liña estratéxica 2.4. Prevención en ámbitos específicos

EIXE 3. Prevención secundaria: detección das ITS

- Liña estratéxica 3.1. Diagnóstico precoz no ámbito sanitario
- Liña estratéxica 3.2. Diagnóstico precoz fóra do ámbito sanitario

EIXE 4. Diagnóstico e tratamento das ITS

- Liña estratéxica 4.1. Accesibilidade ao diagnóstico e á atención sanitaria
- Liña estratéxica 4.2. Tratamento

EIXE 5. Calidade de vida e inclusión social das persoas co VIH

- Liña estratéxica 5.1. Calidade de vida das persoas que viven co VIH
- Liña estratéxica 5.2. Redución do estigma

EIXE 6. Formación e investigación

- Liña estratéxica 6.1. Formación en ITS do persoal sanitario e sociosanitario
- Liña estratéxica 6.2. Formación en saúde pública e comunitaria do persoal sanitario e sociosanitario
- Liña estratéxica 6.3. Formación intersectorial en ITS
- Liña estratéxica 6.4. Investigación

EIXE 7. Comunicación interna e externa

- Liña estratéxica 7.1. Comunicación interna
- Liña estratéxica 7.2. Comunicación externa

EIXE 8. Innovación

- Liña estratéxica 8.1. Innovación en diagnóstico e vixilancia
- Liña estratéxica 8.2. Innovación organizativa
- Liña estratéxica 8.3. Innovación comunitaria e social

EIXE 9. Organización do plan

- Liña estratéxica 9.1. Coordinación e liderado do plan

Táboa 2. Eixes e liñas estratéxicas de actuación.

1 Vixilancia epidemiolóxica

Coñecer a incidencia das ITS e a súa caracterización facilita a adopción das medidas de prevención e control máis axeitadas en cada momento. E as melloras na vixilancia epidemiolóxica destas infeccións posibilitan o seu control ao dispor de datos para monitorizar e avaliar as políticas empregadas, así como o propoñer as modificacións que se precisen.

Liña estratéxica 1.1. Notificación de casos

Actualmente, as ITS que son EDO son a sífilis, sífilis conxénita, gonococia, hepatite A, hepatite B, hepatite C, clamidiase e linfogranuloma venéreo e VIH. Notifícanse a través do Sistema Xeral de Notificación Obrigatoria de Enfermidades de Galicia (SXNOE), que é un dos compoñentes do sistema básico da Rede Galega de Vixilancia en Saúde Pública (RGVSP) e, ademais, forma parte da Rede Nacional de Vixilancia Epidemiolóxica (RENAVE) de España.

O sistema de información de vixilancia epidemiolóxica VIXÍA é a ferramenta destinada a recoller toda a información necesaria sobre a notificación de casos.

Obxectivos:

- Mellorar a información sobre as características epidemiolóxicas das ITS, a súa incidencia e evolución.
- Reducir a infranotificación e aumentar a capacidade para a detección de abrochos ou o incremento de casos.

Accións:

- Actualizar o sistema VIXÍA para integrar as ITS de especial vixilancia, priorizando a captación automatizada dos sistemas de información microbiolóxica.
- Homoxeneizar a declaración de casos e abrochos, e potenciar o estudo de contactos.
- Potenciar a vixilancia das ITS nos servizos de urxencias hospitalarias e nas consultas de ITS.
